

Recadación de tributos **COMUNICADO**

INCREMENTO DA RECADACIÓN TRIBUTARIA EN GALICIA DURANTE O ANO 2002

Os ingresos tributarios da Comunidade Autónoma galega ascenderon a 2.553,42 millóns de euros

Durante o ano 2002 os ingresos realizados pola comunidade galega por tributos ascenderon a unha contía de 2.553,42 millóns de euros, valor que supón un incremento do 224,8% respecto ó ano 2001.

A consecuencia principal de tal incremento está nos 1.925,49 millóns de euros ingresados pola comunidade por impostos cedidos e xestionados polo Estado, e que representa o 75,4% do total ingresado. Tal cantidade supuso ingresar 1.638,82 millóns de euros máis que o ano 2001 e ven motivada polo novo sistema de financiamento das comunidades autónomas para o ano 2002 que implica a cesión do 33% do IRPF (antes do 30%), o 35% do IVE, o 40% dos impostos especiais sobre a cervexa e alcohol, labores de tabaco, hidrocarburos e o 100% do imposto especial sobre a electricidade.

Por outro lado, os ingresos obtidos por tributos cedidos e xestionados pola comunidade ascenderon a 573,61 millóns de euros, o 22,5% do total ingresado. Este valor supón un crecemento do 27,8% respecto ó ano 2001 que volve a ter como principal consecuencia a entrada do novo sistema de financiamento. Así, engadíronse os ingresos dun novo imposto creado, o denominado Imposto sobre as vendas polo miúdo de determinados hidrocarburos, que pasa a ser cedido con carácter total á comunidade, e os do xa existente imposto especial sobre determinados medios de transporte, antes xestionado polo Estado, e que no ano 2002 tamén pasa a ser cedido totalmente á comunidade.

O restante 2,1% corresponde ós ingresos por tributos propios da comunidade, que crecen un 7,4%.

Crece un 11,3% a recadación tributaria do Estado en Galicia

A 4.205,40 millóns de euros ascendeu a recadación efectuada polo Estado en Galicia a través das súas delegacións territoriais, 11,3% máis que no ano 2001 e o 3,5% do total recadado no conxunto de comunidades. Os impostos directos aportaron o 64,2% da recadación efectuada

en Galicia e a súa taxa de variación foi do 14,6%. Os impostos indirectos representaron o 35,8% e creceron o 5,9%.

O maior incremento dos impostos directos débese á evolución positiva de todos eles. O IRPF, que supuxo o 69,0% destes impostos directos, creceu un 14,9%. No grupo de impostos indirectos a maior figura impositiva, o IVE, creceu un 11,4%, pero a segunda, os impostos indirectos decreceron un 43,6% debido fundamentalmente á cesión total do imposto especial sobre determinados medios de transporte segundo o novo sistema de financiamento.

Os ingresos da administración local durante o ano 2000 ascenderon a 534,12 millóns de euros

Durante o ano 2000, último do que se teñen datos dispoñibles sobre recadación da administración local en Galicia, os ingresos por impostos indirectos e directos, así como por taxas e outros ingresos da administración local galega ascenderon a 534,12 millóns de euros, un 10,8% máis que no ano 1999.

Os ingresos dos concellos aportaron o 96,2% desta contía e os das deputacións o restante 3,8%. Ademais, mentres no primeiro caso, os ingresos creceron un 11,4% no segundo produciuse unha caída do -2,7%.

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es